

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN en demanda de atención ás vías de comunicación rurais, nomeadamente a limpeza de regos e cunetas.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rural é suxeito de discusión e debate político hoxe si e mañá tamén. Outra cousa é a atención que (non) se lle dá a esta parte da nosa vila, e polo tanto á xente que vive nel.

O do noso concello carece dos elementos sociais dos que sempre se dota ao “centro” da Pobra do Caramiñal: prazas públicas e lugares de encontro e de lecer, centros ou locais sociais. E as brigadas de limpeza que chegan puntualmente todos os días ás rúas do casco urbano, non coñecen as vías de comunicación rurais.

Dende logo non hai un plan de rexeneración do rural do noso concello. Non o houbo co PP, e, pasados dous anos deste goberno, é dado crer que tampouco o vai haber con NP.

Mostra evidente do desleixo co que se trata o rural é esta reiterativa moción, que ano tras ano traemos ao pleno. Demostración palpable de que os panos quentes que se aplican, se hai fortuna, de forma puntual, non son o remedio necesario.

É ben sabido que a estas alturas do ano os regos e cunetas sobordan de vexetación e de sedimentos naturais que cegan estes foxos e dificultan o normal descender da auga de fontes, mananciais e choiva, o que provocará o asolagamento dos camiños, facendo aínda máis penoso o transitar por unhas vías que por no ter non teñen nin beirarrúas.


O período de invernia vén con retraso este ano, pero ninguén dubida de que chegará e traerá choivas longas e intensas. É tempo xa de que o goberno municipal atenda as súas obrigas.

Por todo o exposto, este concelleiro, en representación do G.M. do Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas, propón os seguintes

ACORDOS

1. O Goberno Municipal do concello da Pobra do Caramiñal limpará e adecuará as cunetas, regos, rexistros e demais elementos do sistema de recollida de pluviais nomeadamente nas zonas rurais, así como no casco urbano.
2. O Goberno Municipal da Pobra do Caramiñal establecerá un programa de saneamento e limpeza de cunetas e regos que evite o asolagamento de rúas e camiños.

A Pobra do Caramiñal, 13 de outubro de 2017



Asdo.: Ramiro Ouviaña Ouviaña,
Concelleiro do G. M. do BNG-AA